

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8**

### **SESION EXTRAORDINARIA 1 DE XULLO DE 2013**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas e corenta e catro minutos do día un de xullo do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o

Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

**ÚNICO.(124)- POSICIONAMENTO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL RESPECTO AO AEROPORTO DE PEINADOR. EXPTE. 680/1101.**

ANTECEDENTES.- En data 13 de xuño de 2013, o grupo político municipal do Partido Popular presenta na Secretaría Xeral do Pleno, escrito solicitando un Pleno extraordinario que, literalmente di:

“Único.- Posicionamento da Corporación municipal respecto ao Aeroporto de Peinador.

E coas seguintes propostas de acordo:

1º) Instar o alcalde de Vigo a presentar ante o pleno municipal, nun prazo máximo de 10 días, a súa proposta de rutas para o aeroporto de Peinador.

2º) Que o alcalde constitúa nun prazo de 7 días un grupo de traballo, con representación dos grupos políticos, para avaliar e, no seu caso, realizar un seguimento da proposta anteriormente mencionada.”

Con anterioridade á realización do Pleno os grupos políticos municipais do BNG e Socialista presentan na Secretaría Xeral escritos que din o seguinte:

Proposta do grupo político municipal do BNG:

“1. Que o alcalde constitúa nun prazo de 7 días un grupo de traballo, con representación dos grupos políticos, para propoñer, debater e consensuar diferentes accións que se poidan desenvolver desde todas as administracións competentes para reactivar e sacar da crise que atravesamos ao aeroporto de Peinador.

2. Instar á Xunta de Galiza ao retorno a unha posición de consenso e a retomar a coordinación de todas as administracións no seo do Comité de Rutas cara a planificar o mapa de rutas aéreas para os vindeiros anos e acordar:

- A aprobación dun mapa de rutas para o 2013

- A previsión dun mapa de rutas para o 2014
- A asunción por parte do Comité de Rutas da proposta que consensúe a súa Comisión Técnica.

3- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado alén do obxectivo concreto relativo á planificación no vindeiro ano, a comezar a xestionar desde unha perspectiva integrada as terminais aeroportuarias galegas co obxectivo de:

- Garantir as conexións cos grandes sistemas aeroportuarios europeos que permiten as conexións con todo o mundo.
- Incrementar as conexións internacionais directas, especialmente as transoceánicas onde a diáspora galega ten unha forte presenza, segundo a situación dos aeroportos galegos.
- Reforzar as rutas con diferentes cidades europeas e coas principais cidades do Estado.
- Potenciar o tráfico de mercadorías, coa especialización dun dos tres aeroportos galegos e a dotación dunha alfándega co fin de captar tráfico internacional.
- Apoiar a instalación de baese e centros permanentes das principais compañías aéreas para asntar unha estrutura estábel de operacións de transporte aéreo.
- Diseñar e dotar dunha rede de conexións intermodal entre os tres aeroportos e as cidades galegas: en primeiro lugar, a través de servizos de lanzadeiras por estrada; a medio prazo, tamén por medio do ferrocarril e/ou do metro lixeiro.
- Garantir a seguranza aérea en óptimas condicións.”

Proposta do grupo político municipal Socialista:

“1.- Instar ó Concello de Vigo, a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia a garantir e asegurar un trato igualitario para o Aeroporto de Vigo que lle permita competir e desenvolverse nas mesmas condicións que as outras infraestruturas aeroportuarias de Galicia e o Norte de Portugal.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que dedique recursos económicos a compañías áreas dirixidas á implantación e mantemento de rutas no Aeroporto de Vigo, cando menos na mesma forma e cantidade económica que a achegada aos outros aeroportos galegos.

3.- Instar á Deputación de Pontevedra a que dedique recursos económicos que contribúan de forma determinante á mellora da competitividade do Aeroporto de Vigo, infraestrutura chave no desenvolvemento económico da provincia, en relación aos outros aeroportos de Galicia e o norte de Portugal.”

DEBATE.-

A PRESIDENCIA: Propoño aos grupos que adoptemos un procedemento que sexa quince minutos de intervención de cada grupo iniciando o grupo propoñente que era o Grupo Popular e unha quenda despois de cinco minutos remataría Grupo

Popular cunha quenda de tres minutos, se lles parece aos grupos. Procedemos polo tanto, Sr. Figueroa Vila a súa quenda de cinco minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Nós solicitamos a convocatoria dun Pleno extraordinario polos trece concelleiros do Grupo Popular para tratar un dos temas importantes dentro desta cidade, que é o futuro de Aeroporto de Peinador, que políticas se deben de seguir e cal é a situación actual.

Nos últimos anos vimos traballando sobre o Aeroporto de Peinador, e chegamos a varias conclusións derivadas de estudos, traballos feitos e sobre todo polos antecedentes que ten o Aeroporto de Peinador en canto ao número de viaxeiros, aeroliñas, subvencións etc.

Chegamos a unha conclusión despois de traballar dende o ano 2003, darei unha explicación de todo este período, de que as subvencións ás liñas aéreas fracasaron fundamentalmente por un dato que nos reafirma na nosa posición e na nosa decisión. No ano 2004 o Aeroporto de Peinador tiña 911.000 viaxeiros e no ano 2007, 1.405.000; que pasou neste período? Ou que fixemos neste período nas que eu tamén participei? Pois incorporáronse as aeroliñas en Vigo tres compañías: Iberia, AirFrance e AirEuropa dunha maneira clara. Que pasou? Pois que AirEuropa converteuse en líder en viaxeiros e AirFrance segue aínda operando a día de hoxe. AirEuropa tamén segue operando no Aeroporto de Peinador cunha singularidade, que cambiou os avións, tamén é certo que cando se soubo desta situación dende o noso partido, tanto eu mesmo como o presidente da Deputación e a propia Ministra, fixeron as xestións oportunas co Sr. Hidalgo para que adquirira o compromiso de que repuxera os avións que se habían retirado, avións que a partir de setembro van seguir operando dende a cidade de Vigo. Con respecto a AirFrance sucedeu exactamente o mesmo, estase potenciando, aínda onte ou antes de onte saía nun medio de comunicación que "AirFrance potencia a ruta a París cun segundo voo os domingos dende outono, un mes rozando a plena ocupación cara Peinador". Polo tanto estas dúas liñas operaron durante os últimos dez anos e seguen operando a partir de agora mesmo tamén. Polo tanto esta é a primeira situación, o primeiro escenario que nos atopamos.

Segunda cuestión, a partir do ano 2008 empézase a reducir o número de pasaxeiros, de 1.400.000 temos no ano 2012 para ser exactos, para non falar do

2013 aínda en previsión, 828.000 pasaxeiros, polo tanto descendeu en 577.248 pasaxeiros, e aquí ven a pregunta, descendeu porque antes se daban subvencións e agora non se dan? Ou descendeu porque as políticas de subvencións non funcionan? Pois nós facemos unha afirmación, aínda con políticas subvencionadas ao Aeroporto de Peinador, que se destinaron 5.430.000 euros durante o ano 2007 ao 2012, si descendeu o número de pasaxeiros en 500.000. E subvencionáronse porque no ano 2009 o Vigo-Londres subvencionouse por parte da Xunta de Galicia con 300.000 euros, o Vigo-Bruselas e Vigo-Sevilla cun 1.300.000 euros, o Vigo-Bruselas e Vigo-Sevilla cun 1.200.000 no 2011 e no 2012 un Vigo-Sevilla, promoción de rutas, un millón. É dicir, a Xunta de Galicia dende a ano 2009, 2010, 2011 e 2012 destinou 3.800.000 euros para o Aeroporto de Peinador, tamén é certo que o Concello destinou unha cantidade de 1.600.000 euros; no ano 2009, 325.000 o Vigo-Londres; no 2010 non se fixo achega municipal e foi cando máis número de pasaxeiros tivo; no 2011 o Vigo-Londres 760.000 euros e no ano 2012 o Vigo-Londres 537.000 euros. É dicir, entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo destináronse 5.430.000 euros. Que afirmacións podemos facer con toda esta cuestión? Que ningunha das compañías subvencionadas foi capaz de consolidar os voos en Peinador, ao desaparecer as axudas, desaparecen os voos, e cun 5.403.000 euros de subvencións desaparecen 577.000 pasaxeiros. Polo tanto a conclusión á que chegamos é que a política de subvencións no foi o modelo a seguir, creo que iso está perfectamente claro con estes datos que acabo de relatar. Pero tamén hai unha falacia, a falacia do reparto non equitativo que se di que o goberno do Sr. Feijóo non subvencionou a Vigo, é rotundamente falso. O goberno de Sr. Feijóo, datos oficiais, nos anos 2009-2012 inversión en Lavacolla catro millóns de euros, inversión en Alvedro 3.500.000 e inversión en Peinador 3.800.000 euros. Polo tanto as subvencións no ano 2009, 2010 e 2011 foron similares nos tres aeroportos. Podo darlle o dato para facer a comparativa do goberno do Sr. Pérez Touriño e do Bloque Nacionalista Galego, inversión en Lavacolla 3.800.000 euros durante os anos 2005-2008, inversión en Alvedro 300.000 euros e a inversión en Peinador foi de cero euros, é dicir, mentres o goberno do Sr. Feijóo se destinaron 3.800.000 euros a Peinador, no goberno do Sr. Touriño destináronse cero euros. Polo tanto, esta é unha falacia dese reparto que din vostedes que non existiu. Nós entendemos que a forma correcta de xestionar Peinador, na política de axudas,

é non subvencións directas ás aeroliñas. Creo que se demostrou con estas incorporacións, tanto de AirFrance como AirEuropa, que volvo repetir para que ninguén se equivoque, AiEuropa segue operando en Peinador, ten cinco frecuencias diarias, segue co mesmo número de voos, é certo que con outros avións que hai que corrixir, que hai que repoñer e que van repoñer. AirFrance segue cada día crecendo máis e non so iso, a min o que me preocupa realmente de AirFrance é que os directivos de AirFrance nun momento concreto poidan tomar unha decisión distinta a que están facendo de potenciar as aeroliñas, porque xa o seu director xeral o dicía “as subvencións non son transparentes e amenzan o voo Vigo-París”, de momento non é así pero o seu propio director xa fala de que as subvencións ao non ser transparentes ameazan o futuro do voo Vigo-París. Isto ten que preocuparnos, en calquera caso, xa viron vostedes que AirFrance intenta adaptarse aos tempos, as novas demandas, incluso a temas de facturacións etc.

Polo tanto a que conclusión chegamos, que dende que o Sr. Abel Caballero é Alcalde, Peinador non consolidou nin unha nova ruta, e perdeu varias das que operaba, eu creo que aquí hai unha relación clara e os compromisos do Alcalde, compromisos de rutas que se perderon Vigo-Londres, Vigo-Bruselas, Vigo-Sevilla, Vigo-Zaragoza, Vigo-Córdoba e Vigo-Valencia, todas estas liñas perdéronse e a maiores tamén se cometeron, a nosa maneira de ver as cousas, dous erros claros, un o boicot ao Comité de Rutas enfrontándose a tódalas Administración, creo que para nós ese foi un erro, e tamén o consenso que había na Fundación ProVigo cando se fichara a un experto aeroportuario como era o seu xerente e voute á rúa e indemnizouse. Eu creo que esta situación de liñas que non se consolidaron, está perfectamente clara, e a partir aí empezou a poxa entre as propias liñas que vían que había subvencións en Peinador, viñan á poxa facían as operacións ata que tiñan equilibrio económico financeiro e cando non o tiñan marchaban, creo que ese foi o primeiro erro fundamental sobre o Aeroporto de Peinador.

Pero tamén nos preocupa unha serie de promesas incumpridas como foi o voo Vigo-Huesca, Vigo-México, Vigo-Málaga, Vigo-Milán, Vigo-Frankfurt, Vigo-Múnich, Vigo-Roma. Eu teño aquí recortes de prensa dende o 5 decembro de 2009 que dicía “o Concello negocia unha ruta de Peinador a Múnich e espera ter catro enlaces internacionais”, “un voo enlazará Vigo e Huesca durante a tempada de esquí en decembro de 2009”, “a compañía propón voos entre Vigo e México para operar en

catro meses”, “Clickair estuda prolongar a Málaga o seu voo entre Londres e Peinador”, máis promesas “Spanair conectará Peinador coas Palmas en forma regular”, “Peinador estreará en xullo a conexión coas Palmas”, “o Sr. Caballero promete voos diarios a Londres”, Frankfurt e conexións con Milán”, “o Sr. Caballero diseña un Plan para captar voos internacionais e facer fronte ao do Oporto”, de 23 de febreiro de 2011, máis de un ano desta decisión ou desta situación que se expresaba ou se manifestaba na hemeroteca dos medios de comunicación que teño diante.

Polo tanto, eu creo que todas estas cuestións evidencian que a nosa postura é a correcta, é unha postura seria, responsable sen ánimo de buscar enfrontamentos nin confrontacións senón de axudar e porque creemos niso, senón crésemos nesa situación evidentemente non faríamos esta proposta. Esa é a postura, teño aquí máis de cincuenta roldas de prensa nos últimos dez anos da liña que seguiu o Partido Popular de Vigo, que consideraba que as subvencións ás liñas se convertían nunha puxa, despois convertíanse nunha chantaxe das propias liñas e ao final estábamos na discusión permanente, no enfrontamento entre as propias administracións. Creo que todas estas cuestións evidencian unha falta de xestión ao noso entender do Goberno e do Alcalde durante estes seis anos, non se presentou un Plan estratéxico, marchouse do Comité de Rutas, boicoteouse a Fundación ProVigo e, dende logo, nós nos últimos anos demos mostra sempre de intentar colaborar e de tender a man para buscar solucións e alternativas á proposta do crecemento de Peinador.

Volvo repetir, que nós dende o ano 2003-2004 vimos mantendo a mesma liña de apoio ás mercadorías e pasaxeiros, a recuperación do consenso, buscar no Comité de Rutas puntos de encontro e puntos de acordos e sobre todo un tema fundamental a complementariedade, a coordinación e a especialización dos tres aeroportos galegos que ten que ser fundamental para o crecemento e para o futuro da nosa cidade.

Creo que Peinador merecese outro tipo de xestión, non se xestionou, non se fixeron as cousas como entendíamos que se deberían de facer e por iso ó noso entender, hai modelos que si están funcionando, que podemos poñer de exemplo como que está sucedendo en Bilbao, que ten moi claro que tres aeroportos que si despegan, que tomaron unha decisión e vouna ler “BilbaoAir, como se chama a sociedade de

promoción biscaíña, decidiu no 2006 tras nove meses de debate interno, non subvencionar ningún voo nin ningunha compañía. Dende entón non deixamos de crecer tras percorrer multitudes de Aeroportos de Europa e comprobar que si se subvencionan rutas, as aeroliñas pedirían cada vez máis e acabarían marchándose cando consigan máis noutro sitio. Creo que este exemplo mailo de Oporto son claros desta situación.

Tamén lles digo, nós non estamos de acordo coa política do Alcalde de A Coruña, xa o dixemos publicamente na rolda de prensa, que non se deben subvencionar liñas, que está cometendo un erro e a medio e longo prazo vai pagar as consecuencias como sucedeu no Aeroporto de Vigo.

Tamén dicimos que a Xunta de Galicia non debe subvencionar a ningún aeroporto, que esa é a política e a postura do Partido Popular de Vigo, que se dixo publicamente durante os últimos anos e sobre todo dunha maneira especial durante os últimos meses. Estamos en contra das subvencións ás aeroliñas. Pero en calquera caso, volvo repetir, tendemos a man porque creo que fixemos un discurso coherente das nosas propostas, pero tendemos a man para que a través das propostas que poida facer o Alcalde e o equipo de goberno sentarnos e se esas propostas son claras, concretas, convincentes e dende logo son propostas positivas que poidan mellorar, nós estamos dispostos a falar, a entendernos e a crear esa comisión que está na petición da orde do día do Pleno para que se poidan estudar tódalas propostas que haxa enriba da mesa.

SRA. VELOSO RÍOS: Por fin temos un Pleno extraordinario para falar do Aeroporto de Peinador, o Bloque Nacionalista Galego xa o solicitara no seu momento, e cando o solicitamos o Alcalde non estimou oportuno convocar ese Pleno extraordinario, agora si. Pasou tempo e cada día que pasa sen chegar a un acordo e sen facer demandas conxuntas e un día perdido nunha situación de grave crise do Aeroporto de Peinador, así que lamentamos o atraso, aínda así alegrámonos de poder estar falando hoxe, os tres grupos políticos nun Pleno sobre o Aeroporto de Peinador.

Agora ben, tamén e certo que estamos no Bloque Nacionalista Galego un pouco sorprendidos polo tempo dedicado na Xunta de Voceiros ó Partido Popular, quen solicitaba o Pleno e propoñía quendas de 10 minutos, 5 minutos e rematar con 3 minutos, poñemos 15 minutos e non é que a situación do Aeroporto de Peinador

non nós pareza grave que si nós parece grave, non é que non nós parece importante que si nos parece importante, pero tamén é certo que tendo en conta a cantidade de situacións graves e importantes que están afectando a esta cidade como o desemprego, como a situación do Ferrocarril, do Porto, a do sector naval, como moitas outras situacións, mesmo estivemos falando dos nenos e das nenas que na nosa cidade están pasando fame, non deixa de resultar rechamante e, mesmo pode parecer un pouco desproporcionado, cando ademais nestes discursos estamos vendo xa pola intervención do voceiro do Partido Popular e a reacción dos concelleiros/as do Partido Socialista e do propio Alcalde que isto parece máis un exemplo, outra vez, dun exercicio de debate dialéctico, dun exercicio de enfrontamento entre dous partidos políticos, máis que dun exercicio democrático de busca de solucións para un problema que está afectando á cidade.

Parece que repetimos os mesmos esquemas que están deixando sen solucionar graves problemas da nosa cidade e poderíamos falar da Cidade da Xustiza, do Aeroporto, dunha sería de problemas que realmente acaban sendo unicamente un debate político, unha loita de titulares e de fotos por parte do Partido Socialista e do Partido Popular. Porque a verdade é que en todo este tempo que levamos falando do Aeroporto de Peinador nos últimos días condicionando o debate con polémicas estériles, non se están facendo realmente propostas positivas.

Nós, no Bloque Nacionalista Galego, levamos moito tempo denunciando a situación do Aeroporto de Peinador, porque a caída de pasaxeiros non ven dende a substitución dos avións nin dos últimos meses, o número de pasaxeiros no Aeroporto de Peinador está caendo dende o 2007, o transporte de mercadorías caeu practicamente nun 52% dende o ano pasado, e nós levamos moito tempo propoñendo medidas para reactivalo. Desgraciadamente nin o Partido Socialista nin o Partido Popular tomaron en serio, ata o de agora, a busca de solucións para o Aeroporto de Peinador nin para os outros aeroportos galegos. Nós temos claro que é importante porque sabemos que os Aeroportos agora mesmo, na actualidade non se conciben exclusivamente como provedores dun servizo público, que tamén, porque temos que garantir un servizo público para a cidadanía, pero ademais son axentes económicos de dinamización da contorna e nestes momentos de crise económica son máis importantes que nunca.

Os aeroportos galegos constitúen unha infraestrutura relevante para o

desenvolvemento económico e social de Galicia, un elemento que pode ser chave na súa vertebración territorial, se se complementan e se especializan respondendo de xeito racional ós nosos intereses e contribuindo tamén á intermodalidade coas infraestruturas portuarias e co ferrocarril. Pero a pesares desta relevancia, a maior parte das competencias sobre a planificación e a xestión aeroportuaria aínda recaen no estado, e a través de AENA, cunha forte presión de Iberia e por intereses comerciais que son os que están condicionando a situación dos aeroportos galegos, deseñouse un modelo de xestión radial, temos que pasar por Madrid para todo é a referencia na maioría das conexións aéreas, de feito practicamente o 50% dos voos que hai en Galicia ó día son conexións con Madrid. Este modelo totalmente centrista e unipolar o que está é acentuando a condición periférica de Galicia porque ademais é un modelo que non se reproduce en ningún outro estado do contorno europeo, e non podemos articular un sistema aeroportuario integrado, algo que sería unha cuestión fundamental pero que se ve agravada pola privatización actual dos tres aeroportos galegos. Volvemos insistir, o maior problema de calquera servizo público do que esteamos falando, falamos no Pleno anterior do ferrocarril, falamos agora do sistema aeroportuario e o proceso de privatización ao que está sendo sometido. Ademais é un sistema radial que ao longo do tempo demostrou a súa ineficacia, pois non permite incrementar a oferta de conexións de frecuencias e tamén con iso o número de pasaxeiros/as que utilizan eses aeroportos en detrimento doutros, neste caso, concretamente, do Aeroporto Sá Carneiro de Oporto que está moi próximo ao aeroporto da nosa cidade.

Con esta situación, nós dende o Bloque Nacionalista Galego, cando tiñamos responsabilidades de turismo nos tres concellos onde están situados os aeroportos galegos e na Xunta de Galicia, puxemos en marcha unha dinámica de traballo conxunta para buscar esa complementariedade dos tres aeroportos, porque estamos convencidos de que hai algo moito máis grave que subvencionar ou non subvencionar billetes de avión a liñas aéreas privadas que é estar a competir entre os tres aeroportos galegos, temos tres aeroportos a unha distancia de 150 quilómetros e o que non nos podemos permitir é o luxo de andar a competir uns con outros, intentando que sexan os outros os que pechen. Ese é un auténtico suicidio para os tres, é un auténtico suicidio como país e tendo en conta que Vigo é

a cidade máis importante deste país deberíamos pensalo moi ben. Pero dende logo que estas polémicas estériles e esta competencia entre os tres aeroportos é unha política suicida, e subvencionar liñas aéreas dunha maneira absolutamente descoordinada, sen chegar a acordos, sen contemplar as necesidades de cada unha das contornas senón unicamente por unha competencia entre gobernos locais, dende logo que non é a solución.

Nós estamos convencidos de que non é a solución, e moito menos cando esa proposta de subvención se fai con orzamentos municipais, pois ademais e que só faltaba que tivesen que ser os orzamentos municipais os que subvencionasen billetes de avión para un servizo público que, insisto, segue dependendo do Estado español e que loxicamente un aeroporto non é un aeroporto municipal, non imos municipalizar o aeroporto, non temos competencias e nun momento no que os constantes recortes por parte do Goberno do Estado e do Goberno Autonómico nos obrigan a facer fronte a moitos temas dos que falamos no Pleno anterior como pode ser a Tele asistencia, o Servizo de Axuda no Fogar, ou un plan contra a crise para dar de comer e vestir ás familias desta cidade, só faltaba que quitásenos cartos de aí para darlles os cartos a empresas privadas e subvencionar billetes avión para calquera persoa, independentemente da súa situación, nivel de renda e mesmo que non fose de Vigo, só faltaba que os vigueses/as tivéssemos que asumir iso, realmente é un auténtico suicidio entrar nese tipo de debates.

Nós queremos entrar en debates máis fondos e ademais é que nunha situación como esta é evidente que non son as subvencións o único tema do que temos que falar, e que non son as subvencións as que van salvar Peinador. Porque en Peinador teñen competencias o Ministerio de Fomento, AENA, a Xunta de Galicia, evidentemente, e tamén ten competencias o Concello de Vigo en cuestións relacionadas co Aeroporto. O que temos que conseguir é un consenso entre as forzas políticas, chegar a un consenso sobre as accións que temos que reclamar de cada unha das administracións competentes e poñer en marcha tódalas accións posibles para quitar Peinador desta situación tan grave na está agora mesmo, e esquecernos de polémicas estériles e de realidades creadas artificialmente ofrecendo o problema e a solución ó mesmo tempo, isto é absolutamente estéril.

Nós temos unha serie de propostas que no seu momento quixemos traer a un Pleno que non foi convocado, logo quixemos levalas ao Consello Social da Cidade para

que fosen analizadas, debatidas e negociadas con distintos axentes políticos, sindicais, sociais e económicos da cidade e non puidemos tampouco, porque ese Consello Social, a pesar de que así o solicitamos non foi convocado. Así que agora as traemos aquí, fixemos chegar aos outros dous grupos municipais a nosa proposta con medidas concretas que nos gustaría que se debatesen, e de feito por iso propoñemos unha emenda de substitución ao punto que propón o Partido Popular sobre a creación dun grupo de traballo para analizar as posibles rutas que operasen dende Peinador, e nós queremos ampliar as funcións dese grupo de traballo e que serva para propoñer, debater e consensuar diferentes accións que se poidan desenvolver dende tódalas administracións competentes para reactivar e quitar da crise que atravesamos o Aeroporto de Peinador. Porque nós si temos unha serie de propostas que queremos debater e queremos que servan para consensuar demandas e reclamacións concretas para quitar a Peinador desta situación de crise, nós temos elaborada unha posición na que unha serie de medidas nas que redefinimos o modelo de xestión aeroportuario no que, evidentemente sabemos que iso non é compartido polos outros grupos políticos, reclamamos a transferencia das competencias sobre os aeroportos galegos a Galicia, porque parécenos fundamental, pero mentres non se produza transferencia nós si que temos unha serie de demandas que facemos sobre a aprobación dun mapa de rutas para o 2013, unha previsión de mapa de rutas para o 2014, buscar unha comisión de consenso e por suposto volver a convocar ó Comité de Rutas para consensuar unha proposta por parte da súa comisión técnica.

Nós temos reclamacións concretas para o Aeroporto de Peinador en canto as súas infraestruturas básicas, chámanos moito a atención que con tanta preocupación sobre a situación do Aeroporto de Peinador, non se puxese en marcha o Plan Director do Aeroporto de Peinador, hai un Plan Director que agora necesita ser actualizado e que ten de estar en marcha para axudar dende o punto de vista das infraestruturas ó Aeroporto de Peinador, porque hai que lembrar que nunca houbo unha aposta clara pola infraestrutura do Aeroporto, de feito cando se realizaron as ampliacións das terminais, ó Aeroporto de Peinador correspondeulle un 10% do que se lle dedicou ao Aeroporto de Lavacolla, iso demostra claramente que non houbo unha aposta polo Aeroporto de Peinador.

Ademais, nós tamén solicitamos o desenvolvemento de actividades económicas

relacionadas, por exemplo, o planeamento e o desenvolvemento dun centro loxístico vinculado ao Aeroporto de Vigo, temos espazo reflectido no PXOM, na mesma maneira que temos moito interese en desenvolver determinados ámbitos para outras actividades, hai un ámbito no que podemos desenvolver un centro loxístico que sirva de apoio a Peinador para que sexa un aeroporto de referencia no transporte de mercadorías. Podemos ofrecer servizos complementarios, como ofrece o Aeroporto de Sá Carneiro, e poderíamos ofrecer servizos complementarios que servisen tamén de atractivo aos potenciais pasaxeiros/as do Aeroporto de Peinador. Unha mellor comunicación evidentemente, promoción do Aeroporto e da nosa cidade, que se está facendo, dende calquera das administracións competentes? Falo do Concello, da Xunta de Galicia, que se está facendo coa promoción turística de Vigo e do Aeroporto de Peinador? Hai toda unha serie de medidas que nós queremos debater e que queremos que se debatan nese grupo de traballo, pero sobre todo nós queremos consenso, chegar a facer unha fronte común de defensa do Aeroporto de Peinador. Vexo que neste Pleno temos propostas os tres grupos políticos, propostas que pola nosa banda poderíamos aceptar, a nos o que nos gustaría e que de aquí saíse unha proposta común, e o mellor non é necesario falar tanto tempo no Pleno expoñendo as nosas posicións, buscando enfrontamentos entre os grupos políticos, eu propoñería que fixésemos un receso neste Pleno para xuntarnos os voceiros dos grupos municipais e consensuar unha proposta de defensa do Aeroporto de Peinador con medidas concretas como as que estamos propoñendo os tres grupos neste Pleno, que puidésemos aceptar todos/as e que realmente servisen para facer unha fronte común de defensa do noso Aeroporto, tendo en conta a realidade do Aeroporto, a realidade actual socioeconómica da nosa cidade e a realidade do país no que estamos.

A PRESIDENCIA: O tema merece a pena poder falar un cuarto de hora cada grupo, se non se pode falar dun tema aeroportuario non temos presa, ninguén dos que está aquí ten maior apuro; polo tanto, seguiremos co cuarto de hora, despois cinco minutos e logo tres minutos, despois faremos a petición dos tres grupos un alto para poder falar e ver si chegamos a un acordo conxunto.

SRA. SILVA REGO: O certo é que non saio do meu asombro polo conxunto dos argumentos que veño de escoitar neste Pleno tan importante, a min incluso quince minutos parécenme escasos porque creo que o Aeroporto de Vigo é unha infraestrutura fundamental para a economía e para o emprego da nosa cidade.

Vou comezar pola argumentación do voceiro do Grupo Popular, o Sr. Figueroa, ven a dicir que eles están en contra das axudas porque fracasaron e claro sorpréndeme que o veña a dicir no Concello de Vigo, neste Pleno, eu creo que tería que dicir no Concello de A Coruña, no de Santiago de Compostela e sobre todo ao Presidente da Xunta de Galicia, porque a política de axudas que están recibindo Santiago de Compostela e A Coruña están postas en marcha polo Partido Popular, entón esa argumentación é unha tomadura de pelo aos cidadáns/as de Vigo.

A min sorpréndeme moito que diga que as subvencións en Vigo tiveron como consecuencia que descendera o número de pasaxeiros e que perdéramos voos, Sr. Figueroa, como non di vostede que Santiago de Compostela gaña pasaxeiros a costa de Vigo porque ten axudas, e que A Coruña descende menos tamén porque ten axudas? Poña vostede enriba da mesa tódolos argumentos, no valen só os que interesan.

Di vostede que a política de subvencións non foi un modelo a seguir, pero en A Coruña e en Santiago de Compostela, gobernadas polo Partido Popular si, as que da a Xunta de Galicia si, as que defende o Sr. Feijóo si, as que defende o Sr. Hernández si, home é un escándalo que vostede veña con esta argumentación Sr. Figueroa, que vostede é un concelleiro elixido polas vigueses/as, defenda a Vigo, diga que axudas para ninguén, pero deféndoas de verdade, plántese en A Coruña, en Santiago de Compostela e ante Sr. Feijóo diga ata aquí chegamos, ou axudas para todos ou axudas para ninguén, e que non se pode vir aquí a tomar o pelo aos cidadáns de Vigo.

Di vostede que o Sr. Feijóo investiu en Peinador unha chea de millóns entre 2009-2012, quen os levou Sr. Figueroa? Onde están? Nalgún paraíso fiscal? Porque no Aeroporto de Peinador, desas axudas que deu o Sr. Feijóo non se sabe nada. En A Coruña si que se sabe e en Santiago de Compostela tamén se sabe, pero aquí non. Entón ao mellor esas axudas están nalgún paraíso fiscal, haberá que investigar, Sr. Figueroa.

Din vostedes que as subvencións ao non ser transparentes ameazan ao Vigo-París,

está vostede a dicir que as axudas do Sr. Feijóo non son transparentes? Que grave Sr. Figueroa porque o Vigo-París non ten axudas, quere vostede dicir que as axudas que se dan a outros aeroportos non son transparentes iso vai facer que AirFrance deixe de ter un voo Vigo-París? Paréceme moi grave porque se de verdade non son transparentes, vostede ten que explicar aos cidadáns vigueses que está facendo o Sr. Feijóo, o Alcalde de A Coruña e o Alcalde de Santiago de Compostela dando axudas non transparentes.

E din vostedes que as liñas perdéronse por culpa do Alcalde Abel Caballero, Sr. Alcalde estou sorprendida non sabía que vostede tiña competencias aeroportuarias? Si é así, creo que a Ministra Sra. Pastor e o concelleiro responsable da Xunta de Galicia, ambos do Partido Popular, teñen que dimitir e marchar e deixarlle a vostede que leve a cabo a política aeroportuaria de Vigo e de Galicia, seguramente o faría bastante mellor e sobre todo máis equitativo.

E di o Sr. Figueroa que tiñan fichado a un experto aeroportuario, de verdade isto xa me deixa totalmente descolocada, Sr. Figueroa vostede defende a un inhabilitado pola Xustiza? Tiñamos que seguir tendo a un inhabilitado pola Xustiza? Eu sinceramente creo que non.

Como quere que cumpramos coas propostas que fai o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, se vostedes non permiten que demos axudas dende o Concello, se votaron vostedes en contra de axudas, as propostas íanse cumprir ó 100% se houbera Orzamento que vostedes votaron en contra. Repito, non lle tome o pelo a Vigo Sr. Figueroa, sexa serio, rigoroso, queira un pouco a esta cidade que lle votou e o sentou nese escano no vostede está sentado.

Sobre chantaxes das liñas aéreas fáelle ao Sr. Feijóo, ao Alcalde de A Coruña e ao de Santiago de Compostela que son as que as dan, si as compañías aéreas fanlles chantaxe que vostede afirma aquí, pois dígalles que non esteen prestos a aceptar chantaxes das compañías aéreas. O Comité de Rutas, Sr. Figueroa, o pecharon vostedes, que non o convocaron nunca. Peinador merece outro tipo de xestión di vostede, e eu preguntolle, a de Santiago de Compostela e a de A Coruña? Porque si é esa a xestión que merece o Aeroporto de Peinador, póñase do noso lado e apoie que haxa axudas para o Aeroporto de Peinador por parte do Concello.

E xa é o colmo, Bilbao, isto cóntello ao Sr. Feijóo porque é a Comunidade Autónoma do País Vasco o que fai esa política aeroportuaria cóntello e que copie de Bilbao,

nós aplaudiríámoslle. Por certo, nós dicimos aquí agora mesmo que se faga en Galicia nos tres aeroportos, Sr. Figueroa, o mesmo que Bilbao, agora mesmo, sen pensalo un segundo, xa. Vostede falou co presidente da Xunta, o Sr. Feijóo, está de acordo con seguir o modelo de Bilbao? Falou co Alcalde de A Coruña e co de Santiago de Compostela?

Logo vostede di que tende a man para facer propostas comúns, para chegar a un acordo, nós levamos reclamando iso moitos meses Sr. Figueroa, que nos puxéramos de acordo para salvar o Aeroporto de Vigo e vostede puxéronse en contra do noso Aeroporto porque aquí din unha cousa pero en Santiago de Compostela fan outra, en A Coruña outra e o Sr. Feijóo dálle axudas ao Aeroporto de Santiago de Compostela, esa é a realidade e nós queremos o mesmo, non queremos ningún privilexio, queremos que o Aeroporto de Vigo poda competir en igualdade con Santiago de Compostela e con A Coruña, e iso non se está a producir porque o Partido Popular non o permite, esa é a realidade.

O 30 de abril levouse unha moción de urxencia á Xunta de Voceiros para falar do Aeroporto de Vigo, lémbrolles aos grupos da oposición que votaron en contra e polo tanto non se puido debater aquí, esa é a verdade. Hoxe estamos a facer fronte a un exercicio dialéctico entre os grupos políticos, pois claro que isto é un debate político, solo faltaría que non fose un debate político, é un debate sobre a nosa polis, Vigo, queremos facer política positiva para defender o Aeroporto da nosa cidade, iso é o que estamos a propoñer. Isto non é unha polémica estéril, isto é defender a Vigo, os vigueses/as votáronnos aos vinte e sete para defender a Vigo.

A min sorpréndeme que nalgunha proposta nin se nomea a Vigo, Sra. Veloso, vostedes na súa proposta nin sequera menciona a Vigo que está nesta situación porque hai axudas en Santiago de Compostela en A Coruña avaladas polos Alcaldes do Partido Popular e o Presidente da Xunta de Galicia, e millonarias en Oporto. Os empresarios, non o PSOE, non o Grupo Municipal do PSOE, os empresarios de Vigo fixeron un calco e Oporto recibe doce millóns de euros, cifras millonarias, A Coruña catro millóns, Santiago de Compostela un millón de euros que saibamos pero pode chegar ata tres millóns, porque non me dirán vostedes que a axuda que se da para ir a Turquía dende Santiago de Compostela, non é unha axuda encuberta, unha subvención ao Aeroporto de Santiago de Compostela, senón é así dígame como se chama, é unha axuda encuberta catro millóns A Coruña, tres millóns Santiago de

Compostela, doce millóns Oporto e Vigo cero nesa situación é imposible debater. Hai que deixar de complicar o que é sinxelo e ir a analizar a realidade sen trampas, sen análises interesados, en Vigo estamos fartos de mentiras, de deslealdades e de inxustificadas ataques por parte de Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra.

O Aeroporto de Vigo ten perdido pasaxeiros e voos pola política de axudas desequilibradas da Xunta de Galicia e dos Alcaldes do Partido Popular, e vostedes coa boca pequena din que están en contra das axudas en A Coruña e en Santiago de Compostela aquí non permiten que demos axudas para poder competir en igualdade de condicións pero logo miran para outro lado, as axudas en A Coruña seguen, as de Santiago de Compostela e as de Oporto. Os feitos son innegables ninguén cun mínimo de rigor pode negar a evidencia, o Aeroporto de A Coruña subvencións, Santiago de Compostela subvencións, Oporto subvencións, Vigo cero, como se pode competir así? Cren vostedes que é posible competir así? E vostedes señores do Partido Popular, os trece concelleiros elixidos polos vigueses/as avalando este desatino, esta inxustiza, coa cidade máis importante de Galicia, vostedes negando a posibilidade de que dende Vigo poidamos facer fronte á competencia desleal.

Nós só queremos o que é noso, dicíallo ao principio e repítollo, non queremos privilexios senón que os aeroportos de Galicia compitan en igualdade de condicións, e alto é claro, axudas para todos ou axudas para ningún, este é o verdadeiro debate, o demais son mentiras, falsos argumentos e dicir nun lado unha cousa e facer a contraria noutro.

Peinador é unha peza clave para a nosa economía, o Aeroporto é un aliado vital e imprescindible para o naval, o automobilismo, a pesca, o granito, para o turismo, si Sr. Figueroa, para o Turismo, nós queremos unha cidade que teña capacidade de atracción ao turismo. É increíble que toda a cidade teña que ver como se usan as Illas Cíes, as nosas illas, as de Vigo, para reclamo turístico para voar dende Santiago de Compostela, escandaloso, mellor que veñan dende Vigo. E se vostedes creen que Santiago de Compostela é o aeroporto principal vaianse para alí de concelleiros porque vostedes non defenden Vigo, non senten vostedes que este é un claro aldraxe á cidade.

Sr. Figueroa, eu preguntolle, coñece vostede algunha cidade moderna, competitiva,

con futuro importante que non teña aeroporto? Que lle fixo a vostede Vigo, para que aposte porque deixe de ser moderna, competitiva, importante e con futuro? Que lle fixo Vigo ao Partido Popular, ao Sr. Feijóo, ao Sr. Louzán, a vostede, Sr. Figueroa, para que estean calados cando se lle dan axudas a Santiago de Compostela e A Coruña e falen alto para negarllas a Vigo?. Sr. Figueroa, a cidade está indignada con esta situación, vostede sabe que os empresarios da cidade, as familias, o mundo do deporte, as asociacións ven con estupor como por dar vida ao Aeroporto de Santiago de Compostela vostedes selan a alta de defunción do de Vigo. Sr. Figueroa, fale vostedes cos organizadores de Conxemar, saben que din? Que prefiren non ter axudas e ter voos e rutas suficientes, que quere vostede, que Conxemar se vaia para Barcelona? É un escándalo, Sr. Figueroa, é un ataque na arteria vital do corazón da cidade, o Aeroporto de Vigo é a arteria vital desta cidade, son tantos os agravios que lle están a facer ao noso Aeroporto que é todo lóxico co día dezanove, aínda que vostedes o queiran negar, saía a rúa Vigo para dicir que non estamos dispostos a que sigan a aldraxar á cidade, basta de traizóns, e repito e finalizo, xa hai axudas para uns que as haxa para todos, e senón para ninguén.

Sr. Figueroa, non faga méritos que xa ve que o Sr. Feijóo non llo agradece nada e acaba de dicir que nin sequera sabe quen vai ser o candidato do Partido Popular en Vigo, por algo será.

SR. FIGUEROA VILA: Quince minutos, cero propostas e despropósitos tan claros e contundentes, Sra. Silva, eu síntome moi orgulloso da defensa que fixen cando fun responsable desta cidade como Tenente Alcalde do Aeroporto de Peinador, os datos están aí chegaron a Peinador Iberia, AirEuropa e AirFrance, as tres liñas consolidáronse, o Aeroporto pasou de 800.000 viaxeiros a 1.400.000 , non houbo políticas de axudas directas ás compañías e o bipartito, os membros do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, déronlle cero euros a Peinador e catro millóns a Lavacolla.

Que fixo o Partido Socialista? Nin unha soa liña se consolidou dende o ano 2007 que gobernan vostedes, boicotearon o Comité de Rutas, rebentou o consenso da Fundación ProVigo, pero agora sabemos que votaron ao xerente porque estaba inhabilitado, non o sabíamos ata agora. Gozou de cinco millóns de euros de axudas

públicas a aeroliñas, e Peinador pasou 1.400.000 viaxeiros a 800.000, iso foi a xestión que fixeron vostedes. Sra. Silva, os antecedentes están aí, o noso traballo sobre Peinador está, sabe cal é o máis grave de todo? Que o Sr. Alcalde de Vigo cando foi candidato pola circunscrición da provincia de A Coruña, que foi candidato, que nos non fomos, tomou unha decisión apoiar ao Aeroporto de Alvedro e concedéronlle a medalla de ouro da cidade de A Coruña. Sabe o que dicía? “Alvedro terá ser para liñas peninsulares, Lavacolla terá que ser voos internacionais e Vigo terá que ser para voos chárter”, o deixaba en terceiro nivel. Pero o máis grave de todo é que por este estudo cobraron 30.000 euros, sabe quen era o director deste estudo que pon “Sistema Aeroportuario do Eixo Atlántico”? Era don Abel Caballero e coordinadores, don Abel Losada e máis responsables que non teño aquí que mencionalo. Páxina 143, “Galicia e o norte de Portugal deben constituír os seus catro aeroportos nun sistema aeroportuario integrado, a estes efectos debe promoverse que as diferentes compañías aéreas que operen o consideren, aos seus efectos, operacional como tal”, isto é o que defendía o Sr. Caballero nese momento. A maiores tamén defendeu o Sr. Caballero que o Sr. Blanco fixese un inversión no Aeroporto de Lavacolla de 250 millóns de euros, esa foi a política do Partido Socialista, primeiro fillo adoptivo da cidade de A Coruña cando se presentou como candidato pola A Coruña, que eu nunca me presentei como candidato de A Coruña, el si, e alí dicía unha cousa e aquí di outra cousa totalmente distinta.

Con respecto á manifestación que eu non ía falar diso pero si vou falar, con respecto á manifestación o máximo respecto para as persoas que foron, esas 4.000 ou 5.000 que teñen todo o mérito, pero sabe o que pasaba con vostedes? Que tiñan toda a Porta do Sol, ata a farola megafonía por tódalas rúas transversais da cidade porque pensaron que o obxectivo era 30.000 e fracasaron, foi un fracaso absoluto e unha humillación do Alcalde, que por dar un dato non acudiu nin un 1% dos pasaxeiros de Peinador. Pero en calquera caso, sabe o que se demostra con todo isto, que vostede din que non teñen votos, cando un non ten votos, e claro que vostedes non teñen votos porque son un Alcalde débil e un goberno en minoría, están aquí na presidencia deste Pleno porque o Bloque Nacionalista Galego quixo. Pero a partir de agora cando non hai votos para acadar os obxectivos o que hai que facer é buscar o consenso, buscar acordos e vostedes no só non teñen votos neste Pleno, nin na Corporación senón que agora tamén perderon a

maioría social, porque saben vostedes que hai 295.000 persoas, que hai que ter o máximo respecto e consideración porque non coinciden coas súas políticas, as políticas de enfrontamentos, de confrontación, de atacar única e exclusivamente ao Presidente da Xunta de Galicia, o que tiñamos que facer é sumar esforzos, institucións, apoios e buscar acordos dentro da corporación o primeiro, porque agora téñense que sentar nunha Xunta de Voceiros para chegar a un acordo se queren, porque non teñen maioría, onde está esa proposta que presentaron? Si son valentes e sinceros digan cal é a proposta que presentaron nesa Comisión, non hai ningunha para o Aeroporto de Peinador e por iso están intentando dilatar o tempo.

A PRESIDENCIA: Non se preocupe Sr. Figueroa que terá a proposta aquí e non a vai votar porque non lle vai gustar. Seguimos coa quenda de grupos.

SRA. VELOSO RÍOS: Non é para sorrir anunciar que vai haber unha proposta que non se vai aprobar porque non nos vai gustar á oposición ou ao Sr. Figueroa non lle vai gustar.

Estamos falando aquí de chegar a un acordo, de facer unha defensa do Aeroporto de Peinador pero evidentemente non queren chegar a un acordo, queren estirar a lea política todo o posible cada un dos grupos co seu discurso particular aquí, que non se corresponde co discurso en Santiago de Compostela ou que non se corresponde co discurso en A Coruña, onde lle poden dar máis ou menos importancia ao Aeroporto de Alvedro, creo que o Partido Socialista en A Coruña non está saíndo á rúa polo Aeroporto de Alvedro, nin está quitando á cidade á rúa polo Aeroporto de Alvedro.

No Parlamento Galego aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei que presenta o Bloque Nacionalista Galego, que é a mesma que trae aquí a este Concello, porque queremos que se aprobe por unanimidade tamén neste Concello. O Partido Popular aquí di que as subvencións non solucionan pero subvenciona dende a Xunta de Galicia avións para un aeroporto, dos tres aeroportos galegos e subvenciona dende o Concello de A Coruña tamén liñas aéreas no seu aeroporto, a incoherencia máis absoluta. Unha incoherencia que é a consecuencia lóxica dun discurso absolutamente baleiro, completamente localista, estéril, rancio que non busca solucións para esta cidade, que só busca enfrontamentos, titulares de

prensa, fotografías e que da a sensación de que nesta cidade temos a desgraza de ter unha parte desta corporación municipal desexando que canto peor lle vaia á cidade mellor para min, porque así podo pelexarme máis co resto, esa é realidade. Nós estamos defendendo Vigo, o Aeroporto de Peinador, o noso país e os aeroportos galegos, que non poden vivir un competindo co outro, esa é a realidade. Nós nomeamos Vigo, claro que nomeamos o Aeroporto de Peinador na nosa proposta, pero o Partido Socialista non nomea o goberno de España, por que? Porque ao mellor o Partido Socialista, cando era presidente o Sr. Zapatero e era Ministro de Fomento o Sr. Blanco, ten moita responsabilidade na situación que teñen agora os aeroportos galegos, moita responsabilidade. Insisto, nos investimentos que fixo o Partido Socialista no Aeroporto de Vigo fronte aos investimentos que fixo no Aeroporto de Santiago de Compostela, ou os millóns que se gastaron na privatización saída a Bolsa de AENA, que ao final foi frustrada, e son 7 millóns de euros tirados ao lixo. Igual que se tirou ao lixo, por parte do Partido Popular, o Plan Estratégico para os aeroportos galegos que se consensuou nun comité de rutas que logo rebentaron coa colaboración dalgún Alcalde, efectivamente, pero que o Partido Popular meteu no caixón ou arquivou no pe de papeleira, esa é a realidade.

Aquí seguimos nas leas políticas, e seguimos denunciando axudas millonarias ao Aeroporto de Sá Carneiro no Oporto que concede o goberno do Estado, pois si esas axudas son ilegais, de paso que van falar co Comisario da Competencia o Sr. Almunia sobre o Tax Lease, denuncien as axudas, que se temos tanta sorte con el como tivemos co sector naval, estamos vendidos. Vaian falar co Sr. Almunia e denuncien ao Comisario da Competencia as axudas ilegais que se están concedendo a outros aeroportos, está moi doado, e do seu propio partido, de paso que falan con el do Tax Lease, falen tamén dese asunto.

Nós insistimos a pesares de esta lea estéril e xa cansina, insistimos, e neste último minuto necesitamos chegar a un acordo, facer unha proposta conxunta, necesitamos ser coherentes e facer unha fronte común forte para defender o Aeroporto de Peinador. Nós temos propostas concretas, podemos engadirlles as palabras que lles pareza oportunas e poñer Vigo en cada liña se queren, non temos ningún problema porque nós estamos defendo o Aeroporto de Vigo. Podemos aceptar a maioría das propostas que están aquí, cando aquí se di ou subvencións

para todos ou subvencións para ninguén quero lembrar que iso xa se aprobou neste Pleno, iso xa se aprobou neste Pleno por unanimidade, nós estamos de acordo ou subvencións para todo o mundo ou subvencións para ninguén. Pero nós estamos de acordo, igual que vostedes estiveron de acordo cando votaron a favor dos Orzamentos desta cidade, que parece que se esquecen de que votaron a favor dos Orzamentos desta cidade e agora tódolos problemas son por culpa do Bloque Nacionalista Galego. Nós insistimos queremos un acordo, propoñemos un receso para sacar unha declaración conxunta das tres forzas políticas.

SRA. SILVA REGO: En primeiro lugar quero clarexar algunhas cousas das que dixo o Sr. Figueroa.

Primeiro: que ó Xerente de ProVigo non o votamos nós, marchou el, pero o certo é que estaba inhabilitado xudicialmente e moito non é posible defendelo.

Fala vostede da xestión do Alcalde no Aeroporto de Vigo, repítolle, dígalle ao Sr. Feijóo, o Sr. Hernández e Sra. Pastor que se vaian, que se queren que o Alcalde de Vigo xestione a política aeroportuaria de Galicia, que non ten ningún problema en facelo, que ademais de iso sabe bastante, como de outras moitas cousas.

Cando o Sr. Caballero foi ministro de Transportes e Comunicacions apoiou a Vigo, ó Aeroporto de Vigo tiña que ter unha placa ao Sr. Caballero pero tamén o de Alvedro e tamén o de A Lavacolla, os tres e vostedes só Alvedro e Lavacolla, esa é a diferenza entre uns e entre outros.

Nese estudo que fixeron o Sr. Caballero e o Sr. Losada, tamén participou esta que lle fala, Sra. Silva. Cada unha das palabras que están nese estudo as ratificamos, o Alcalde xa o dixo en voz alta e eu tamén, porque si que é moi importante que tiña que haber unha complementariedade e os catros aeroportos integrados Galicia e o norte de Portugal. O problema é que vostedes coas axudas que lle dan a Santiago de Compostela e A Coruña e lle negan a Vigo e as que Oporto lle da a Sá Carneiro, impiden que Vigo poda competir. Que me está vostede a dicir, que ten que desaparecer Vigo e quedarse os tres aeroportos? Os dous do Norte e o do de Sá Carneiro, non Sr. Figueroa imos defender o Aeroporto de Vigo sempre que faga falla, con toda a paixón que sexa necesaria porque nos sobran argumentos. Cando un ten razóns e defende unha causa xusta máis pronto que tarde a causa xusta fructifica e gaña.

Que o Aeroporto de Vigo ten que poder competir en igualdade de condicións é unha causa xusta, e nós estamos a favor de que se integren os aeroportos do norte de Portugal e do conxunto de Galicia, pero que se integren en igualdade de condicións.

Sra. Veloso, hai cousas que un ante de dicilas ten que medirse, de verdade, fala vostede de que vaíamos a falar co Sr. Almunia para que retire as axudas a Oporto, sabe o que creo eu? Que iso teríao que estar facendo o goberno de España porque é competencia desleal doutro goberno, e a Xunta de Galicia, terían que estar a facelo. Nós non temos capacidade, a min o que me estraña é que non o fagan. Doeme moito que vostede diga que vaíamos a falar con un comisario socialista que está facéndolle dano ao naval, mire Sra. Veloso, sabe a diferenza entre todos vostedes e nós? Que nós fomos os primeiros en criticar, en poñernos en fronte do Sr. Almunia, e de levantar a tapa do que estaba ocorrer co Tax Lease, todo o mundo calado e o Alcalde de Vigo defendendo. Sabe que lle pasa a vostedes, a todos vostedes aos dezaseis? Que seguen ordes dos seus xefes, nós non. O Sr. Almunia ten que evitar por riba de todo que o sector naval de Galicia, de Vigo principalmente, e do conxunto de España poida desaparecer, pero nós os primeiros, nós non temos xefes, nós non somos sectarios, nós defendemos en Vigo a Vigo porque nos votaron os cidadáns.

Sr. Figueroa, Vigo saíu a rúa, gústelle ou non lle guste, había miles de persoas, vostedes xamais serán capaces de convocar a tanta xente como había alí. Repítolle Sr. Figueroa, vostede de tan pouco defender a Vigo, de seguir as ordes do Sr. Feijóo e do Sr. Hernández está a debilitar a súa posición política dunha forma tremenda, eles dánlle ordes para que non defenda o Aeroporto de Vigo, para que traizoe a Caixanova en Galicia, para que defenda un Hospital privado, cando o Bipartido da Xunta de Galicia gobernada polo Bloque Nacionalista Galego e polo PSOE o deixaron público, vostedes piden que o Concello poña cartos para a Cidade da Xustiza e xa está ben.

SR. FIGUEROA VILA: Xa miro que aquí o único problema é Sr. Feijóo, a Xunta de Galicia, e as institucións que apoian esta cidade.

Sra. Silva, o Sr. Caballero e fillo adoptivo da cidade de A Coruña, si ou non, digo algunha mentira? Non, por que? Por destinar 1.300 millóns de pesetas ao Aeroporto

de Alvedro e sabe vostede porque fixo este estudo aeroportuario de do Eixo Atlántico? Porque quería apoiar unha determinada teoría que esta reflectida nese sistema, que vai contra as teses que defende agora o Sr. Caballero. A pregunta era, cando a Xunta de Galicia do Bipartito lle daba catro millóns de euros a Lavacolla e dáballo a Santiago de Compostela, onde estaba o Sr. Caballero? Mudo. Cando o Sr. Feijóo apoiou igual que o Concello de Vigo ao Aeroporto de Peinador e concedeu tamén catro millóns de euros nos últimos anos o 2009, 2010, 2011 e 2012 o Sr. Caballero onde estaba? Calado tamén, mudo. Xa sei que non queren que interveña.

Nós temos unha proposta clara dende o ano 2004, a mesma, e sempre foi a mesma, e defendemos o Aeroporto de Peinador e por iso tivemos os concelleiros que tivemos a punto da maioría absoluta. Que para vostede é unha deslealdade o que acaba de dicir o Alcalde e o que acaba de dicir o Bloque Nacionalista Galego, por iso tedes tres concelleiros que lle dan a Alcaldía ao Sr. Caballero. Si o Sr. Caballero é un Alcalde débil e en minoría é un problema del, non ten votos. Acaba de dicirillo o Bloque Nacionalista Galego, votaron ao Orzamento tamén vostedes, polo tanto non lle voten a culpa ao Partido Popular de algo que vostedes non propuxeron neste Pleno, nin de apoio a ningún tipo de ruta, vostedes queren un enfrontamento, a confrontación.

Nós queremos propostas, como viñamos demostrando ata agora dende o ano 2004 e cando xestionamos esta cidade incrementouse o número de pasaxeiros en 700.000. Nós o que queremos é apoio a mercadorías e pasaxeiros, recuperación do consenso, que o Comité de Rutas Aeroportuarias constituído por AENA se poña en marcha, que se busque a complementariedade, a coordinación e a especialización dos aeroportos.

Eu supoño que a mensaxe de tan só 4.500 ou 5.000 persoas ao Alcalde foi moi clara, a cidade quere solucións e non mentiras, quere máis xestión e menos confrontación. Dende logo, eu creo que o éxito desa concentración sabe cal foi? A sensatez que Vigo lle esta esixindo ao Alcalde máis solucións e menos manifestacións, máis temas concretos e máis solucións aos problemas reais que ten, e no Aeroporto de Peinador foi nefasta a súa política.

Nós, por suposto que estamos en desacordo coas subvencións do Alcalde de A Coruña e estamos en desacordo con que a Xunta de Galicia financie a ningunha

liña aeroportuaria en Santiago de Compostela, polo tanto esa é postura do Grupo Municipal do Partido Popular e que tendemos a man para intentar buscar solucións no Aeroporto de Peinador, pero sen trampas.

A PRESIDENCIA: Hoxe estamos a ter un debate de maior importancia, este é un debate central nesta cidade, do presente e do futuro, do Aeroporto, do que depende do que vai a pasar nesta cidade.

O que estamos a discutir, ver como somos capaces de resolver a situación de inferioridade de condicións no que institucións están poñendo a este Aeroporto, manifesta e constatable, podemos dar todo o tipo de argumentacións políticas, dialécticas, pero o certo é que Vigo e as compañías aéreas en Vigo neste momento teñen cero euros de axudas, en A Coruña catro millóns, en Santiago de Compostela tres millóns e en Oporto doce millóns. Este é o dato incontestable, e correspóndelle a esta Corporación resolver esa enorme dificultade, por que esa dificultade significa máis ofertas de voos dende A Coruña, Santiago de Compostela e dende Oporto e cada vez menos oferta de voos dende Vigo, dato constatable.

Correspóndelle resolver o problema de que a menor oferta en Vigo ven acompañada de baixa calidade nalgunha das aeronaves que se están a utilizar neste momento, mala prestación do servizo, deficientes horarios, poucas conexións, e polo tanto unha tendencia enorme a que Vigo este utilizando de forma habitual o Aeroporto de Oporto e do Santiago de Compostela, ocasionalmente o de A Coruña. Este é outro dato incontestable, que esta Corporación e este Concello ten a obriga de someter a consideración porque si seguimos neste situación o Aeroporto de Vigo literalmente vaise quedar sen pasaxeiros. Xa estamos a sufrir as consecuencias algúns, directas, rematar unha xestión en Madrid as doce da mañá e non ter un avión para regresar a Vigo ata as dez da noite, ou volve un por Santiago de Compostela ou por Oporto ou se queda dez horas esperando o seguinte voo en Madrid.

Pero quero dicir máis, quero dicir que os prezos que un ten que pagar por ese avión as dez da noite e catro veces superior ao que lle ofrecen dende Oporto ou dende Santiago de Compostela, e téñolles que dicir que eu reuninme con axentes moi representativos desta cidade, e había absoluta unanimidade en que é imposible competir, entidades deportivas por citar un exemplo, con Santiago de Compostela.

E institucións deportivas desta cidade arraigadas en Vigo vense obrigadas a voar dende Santiago porque hai un aforro moi considerable no custo deses billetes. Esa é a realidade do que estamos a vivir.

Quero mostrar o meu recoñecemento á Ministra de Fomento porque está levando adiante a ampliación da terminal de Vigo, do Aeroporto, o meu recoñecemento porque está a cumprir a súa obriga con esta cidade. Pero quero dicir que os voos que saen deste Aeroporto saen por unha pista que foi inaugurada por Abel Caballero sendo ministro, aínda dende aquela ninguén tivo que tocar a pista do Aeroporto de Vigo. Pero teño que dicir que durante décadas viaxabamos por unha terminal que foi programada, dende Vigo, por Abel Caballero sendo ministro. Pero teño que dicir que neste momento estamos asistindo ás obras dunha terminal no Aeroporto de Vigo, que foron feitas polo Ministro de Fomento a petición de Abel Caballero, agora Alcalde de Vigo, e esa é a realidade. A realidade é que algúns apostamos decididamente porque sabemos o importante que é un aeroporto para unha cidade, e queremos que haxa un gran aeroporto, para unha gran cidade como é Vigo, verdade?.

Sr. Figueroa, eu presenteime nunhas listas pola provincia de A Coruña sabe por que? Porque non había universidade en Vigo, e sabe a que me dedicaba eu nesa época con absoluta dedicación? A conseguir que en Vigo houbera unha universidade. Sr. Figueroa, sendo catedrático de Vigo, sendo catedrático en Santiago de Compostela voulle a contar, eu viña tódalas semanas a dar clase no 1980, 1981, 1982, 1983 a Vigo, á universidade, sabe canto cobraba por iso? Cero.

Polo tanto, tan pronto eu fun cidadán de Vigo inmediatamente presenteime por Vigo, cando non tiven que estar preso da Universidade de Santiago de Compostela querendo ser membro da Universidade de Vigo. E tan pronto se fixo a Universidade de Vigo, este, nese mesmo momento cambíuse de Catedrático á Universidade de Vigo, por certo, con gran oposición dende Santiago de Compostela que non querían que me viñera para aquí.

Pero voulle a dicir máis, eu non sei si fun bo ministro ou malo, cada un ten a súa opinión, eu teño a miña propia, pero eu teño recoñecementos de Ministerios de xestión aeroportuaria en Vigo polo Alcalde Sr. Soto que inaugurou comigo a pista actual deste Aeroporto, en Barcelona, en Sevilla, en Córdoba polo AVE e en tantos sitios por haber feito a miña xestión e iso é o que hai.

Quero dicir, e moi importante o Aeroporto, e temos que ser capaces de unir esforzos nesta cidade, como a cidade nos está a reclamar, para quitar adiante esta cuestión. Eu non lles quero lembrar antigos erros que algúns aquí cometeron con esta cidade, moi serios, creo que o mellor é saber que temos que poñer o Aeroporto de Vigo en igualdade de condicións agora mesmo, este mes, non podemos esperar nin a agosto, nin a setembro, temos que decidir xa porque cada día que pasa cidadáns de Vigo teñen que viaxar a Santiago de Compostela e a Oporto pagando as viaxes, gastándose os seus cartos porque dende Vigo non é posible voar.

Levantamos a sesión durante cinco minutos a ver si somos capaces de chegar a un acordo, que desexo ferventemente.

*Levántase a sesión.*

VOTACIÓN: O Alcalde comunica ós membros da Corporación que, dado que na xuntanza realizada polos voceiros dos grupos políticos municipais non se consensou unha proposta conxunta, someterá a votación cada unha das propostas presentadas.

VOTACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACÓRDASE: Aprobar a proposta presentada polo grupo político municipal do Partido Popular, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

VOTACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE: Aprobar a proposta presentada polo grupo político municipal Socialista, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

VOTACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PUNTO Nº 1: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACÓRDASE: Aprobar o punto nº 1 da proposta presentada polo grupo político municipal do BNG, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

VOTACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PUNTOS Nº 2 e 3: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a

constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE: Aprobar os puntos nº 2 e 3 da proposta presentada polo grupo político municipal do BNG, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e vinte e tres minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.